

NADAL EN PORTUGAL 2013

Domingo 15 de Decembro 2013

- **Visita o Santuario de Sta Luzia e Viana do Castelo:**

Un dos principais atractivos turísticos de Viana, e un dos emblemas do país luso, é esta basílica, situada no Monte de Santa Lucía. Foi construída a principios do século XX seguindo o modelo francés do “Sacre Coeur”, combinando elementos neo-románicos, neo-bizantinos e neo-góticos. Diseñouna Miguel Ventura Terra, e foi consagrada polo arcebispo de Braga en 1.959.

O que máis destaca é a súa monumental escalinata, os tres enormes rosetóns realizados por Ricardo Leone de Lisboa, e a cúpula decorada interiormente con frescos que representan o vía crucis e a ascensión de Cristo. O altar Maior está realizado en mármore branco, e presidido polo Sagrado Corazón de Xesús, obra de Aleixo de Queiroz. No lateral dereito temos a capela de Santa Lucía e no esquerdo a capela da Nosa Señora do Rosario. O carrilón do templo está composto por un espectacular conxunto de 26 campás.

O mellor de Viana do Castelo é o Casco vello, con ruas adoquinadas que levan de praza en praza, aproximándonos a pazos e igrexas. A Praza da República é o centro neuráxico do casco histórico, onde se atopa o Concello, o hospital da Misericordia e unha fonte de 1553. Temos tamén unha colexiata con orixe románica e varias igrexas barrocas. Esta cidade ten fama de ter un moi boa artesanía.

- **Xantar propio da recoñecida gastronomía portuguesa na “Quinta do Cruzeiro”**

Sopa á Lavrador

Bacallau a moda do Minho

Crema de leite

Café e digestivo da casa

*A media tarde haberá unha merenda
(Caldo verde e Broa de milho)



- **GRAN BAILE**

33€